



PMC/fmp  
Expte: 2014005780

## RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

O Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda, Novas Tecnoloxías e Oral, en virtude das competencias delegadas da Presidencia en materia de contratación, dita a seguinte

### RESOLUCIÓN

Mediante Resolución Presidencial de data 23 de outubro de 2014 acordouse adxudicar a concesión demanial para a explotación da cafetería e restaurante do Museo de Pontevedra á empresa Pepe Vieira, S.L (CIF: B-36.457.224) de acordo o seguinte detalle:

- Porcentaxe ofertado dos beneficios antes de impostos a satisfacer como canon: 15%
- Mínimo anual fixo: 14.400,00€/ano
- Orzamento máximo de equipamento de cociña e barra de cafetería a adquirir pola Deputación de Pontevedra: 73.650,67€ (IVE incluído)
- Importe económico ofertado para publicidade, difusión e promoción da cafetería e restaurante (Plan de publicidade e comunicación): 60.500,00€ (IVE incluído)

O contrato administrativo formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e empresa Pepe Vieira, S.L. con CIF: B-36.457.224 en data 10 de febreiro de 2015 establecéndose na súa cláusula segunda que *"a concesión entrará en vigor a partir da firma da acta de inicio, en documento independente e o prazo inicial será de 5 anos, podendo prorrogarse a vixencia por mutuo acordo das partes antes da finalización por un prazo máximo de cinco anos máis, debendo ser formalizada a prórroga por escrito.*

*No caso de que á finalización do prazo inicial da concesión, algunha das partes non desexe facer efectiva a referida prórroga, dita parte deberá comunicalo á outra por escrito cunha antelación mínima de tres (3) meses. En calquera caso, a Deputación de Pontevedra poderá esixir que o concesionario continúe prestando o servizo por un período non superior a tres (3) meses, tras a finalización do período inicial da concesión".*

En data 06 de abril de 2015, asinouse acta de inicio da explotación da cafetería e restaurante do Museo de Pontevedra na que se sinala que a Deputada Delegada autoriza o inicio da explotación, quedando notificado o concesionario polo feito de subscribir a presente acta e que o prazo inicial de explotación da concesión é de 5 anos, entrando en vigor coa firma da presente acta, podendo prorrogarse a vixencia por mutuo acordo das partes antes da finalización por un prazo máximo de cinco anos máis, debendo ser formalizada a prórroga por escrito"

Con data 27 de febreiro de 2019 recíbese, no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra, escrito de D. José Manuel Torres Cannas, con DNI nº 36.116.967-K, en nome e representación da empresa Pepe Vieira, S.L. con CIF: B-36.457.224, no que se solicita a prórroga do contrato por 5 anos para que a sociedade Pepe Vieira SLU poida continuar explotando o restaurante cafetería do Museo.

En data 13 de xaneiro de 2020, a xefatura de xestión do Museo de Pontevedra emite informe no que manifesta que *"a vista das condicións establecidas no prego de prescricións técnicas do expediente de contratación, da oferta presentada no seu día pola adxudicataria e, tendo en conta as condicións do cumprimento do contrato e a súa execución, que revirte favorablemente nos servizos*



*e prestacións que o Museo oferta aos seus usuarios, infórmase favorablemente a prórroga solicitada".*

Visto que o Sr. Secretario da Deputación Provincial, en data 25 de febreiro de 2020, presta conformidade ao informe do Xefe de Servizo de Contratación de data 19 de febreiro de 2020 e, en consecuencia, informa favorablemente a proposta de prórroga.

Visto que a Vice-Interventora da Deputación de Pontevedra, en data 03 de marzo de 2020 emite informe favorable á prórroga condicionada á previa acreditación do pago do canon (contía mínima) e consumo de enerxía eléctrica correspondentes á anualidade 2019, sinalando ademais que o canon mínimo anual no período de prórroga incrementarase anualmente de acordo coa variación do IPC xeral ou índice que o substitúa.

*Así mesmo a Vice-Interventora no citado informe sinala que no que respecta ás consideración de carácter económico, cómpre advertir que na data de emisión do presente informe, o adxudicatario ten pendente o pago do canon e dos consumos eléctricos correspondentes ao exercicio 2019.*

*De conformidade co disposto na cláusula quinta dos Pregos o pagamento do canon (na contía mínima) deberá realizarse dentro dos dez primeiros días do primeiro mes de cada ano. O impago ou atraso no pagamento do canon por un prazo superior a dous meses, computado desde a data na que debeu efectuarse o abono constitúe unha infracción grave segundo o previsto na cláusula 32 dos Pregos.*

*No que respecta aos gastos de subministración de enerxía eléctrica, segundo recolle a cláusula 26 dos Pregos, os mesmos serán por conta do concesionario. Ao non dispoñer dun contador propio, o pago se ven efectuando pola Deputación con repercusión ao concesionario, sen que ata a data fose atendido e atopándose o valor en executiva.*

Ao abeiro do establecido na disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que regula os expedientes iniciados e contratos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor desta lei, resulta conveniente indicar que o presente contrato réxese polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

No punto 6. *Duración do contrato e inicio da explotación*, do prego de condicións básicas que rexeran para concesión demanial da explotación da cafetería e restaurante do Museo de Pontevedra preveuse especificanmete que *"a concesión será polo prazo de cinco anos. Ao finalizar o prazo inicial da concesión, este poderase prorrogar ata un máximo doutros cinco anos. A prórroga deberá ser formalizada de forma expresa e por escrito. No caso de que á finalización do prazo inicial da concesión, algunha das partes non desexe facer efectiva a referida prórroga, dita parte deberá comunicalo á outra por escrito cunha antelación mínima de tres (3) meses. En calquera caso, a Deputación de Pontevedra poderá esixir que o concesionario continúe prestando o servizo por un período non superior a tres (3) meses, tras a finalización do período inicial da concesión".*

Considerando a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de 2017, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, que atribúe á Presidencia as competencias como órgano de contratación respecto a esta concesión demanial; a Resolución Presidencial de 1 de agosto de 2019, que delega a favor do Sr. Deputado Delegado de Réxime interior, Economía, Facenda, Novas Tecnoloxías e Oral todas as atribucións da Presidencia en materia de contratación que non estean delegadas no Pleno ou na Xunta de Goberno; o artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e as bases de execución do vixente orzamento,





## RESOLVO

Aprobar a prórroga do contrato administrativo relativo a explotación da cafetería e restaurante do Museo de Pontevedra coa empresa Pepe Vieira, S.L. (NIF: B-36.457.224) nas mesmas condicións formalizadas no contrato inicial para un período de 5 anos desde o 06 de abril de 2020 ata o 05 de abril de 2025.

A vista de que a variación do Índice Xeral Nacional segundo o sistema IPC base 2016 desde Decembro de 2018 ata decembro de 2019 é do 0,8 %, establécese que o canon correspondente ao ano 2020 ascenderá a 14.515,20 euros.

Os importes do canon mínimo anual no período de prórroga incrementarase anualmente de acordo coa variación do IPC xeral ou índice que o substitúa.


Esta prórroga queda condicionada á previa acreditación do pago do canon (contía mínima) e de consumo de enerxía eléctrica correspondentes á anualidade 2019. No caso de que non se fagan efectivos estes importes no prazo de 10 días hábiles desde a notificación desta resolución a concesión considerase extinguida.

*Contra esta Resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben, directamente recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo do cal poida utilizar calquera outro recurso que considere conveniente.*

O que lle comunico para o seu coñecemento, cumprimento e demais efectos.

En Pontevedra, 10 de marzo de 2020

O Secretario,



Pepe Vieira, S.L. (NIF: B-36.457.224).-





Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:AWWTRG8A6ZNAD4B8